Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia

Resumo de resultados 18/10/2024

ÍNDICE

Introdución 1
Carga de poboación 1
Carga de poboación que pernoita e carga de poboación diúrna 7
Carga de poboación que pernoita 8
Carga de poboación diúrna 12
Definicións, fontes e máis información 14

Introdución

O Instituto Galego de Estatística (IGE) publica a actividade estatística Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia, cuxo obxectivo é cuantificar a poboación que soportan os concellos en cada trimestre do ano.

A estimación da carga de poboación concíbese como unha estatística de síntese que aproveita as fontes estatísticas existentes sobre a poboación residente e as persoas que se desprazan por motivos de turismo, estancias en segundas vivendas, estudos, traballo e problemas de saúde. No avance dos datos de 2023 inclúense datos de pernoctacións en albergues privados, non incluídos en anos anteriores (ata 2022 unicamente se incluían datos de pernoctacións en albergues públicos).

Esta información sobre a carga de poboación pode ser útil para a toma de decisións en cuestións como a dotación de servizos sanitarios, planificación do transporte público, etc.


Carga de poboación

A carga de poboación representa a media trimestral de persoas equivalentes a tempo completo que soporta un concello; obtense a partir da poboación residente, sumándolle a poboación de entrada (non residentes presentes) e restándolle a poboación de saída (residentes ausentes).

O saldo poboacional entre os non residentes que entran e os residentes que saen mide a diferenza entre a poboación presente e a poboación residente. Galicia ten un saldo poboacional positivo en todos os trimestres desde o 2011.

Evolución do saldo poboacional. Galicia

Unidade: persoas equivalentes a tempo completo



Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)


En todos os trimestres de 2022 aparecen as sete grandes cidades entre os concellos con maiores saldos poboacionais. No primeiro trimestre os dez concellos con maiores saldos poboacionais complétanse con Porriño, Bergondo e Mos. Do segundo ao cuarto trimestre do ano 2022 Sanxenxo ocupa o lugar de Bergondo entre os dez concellos con maior saldo. No segundo e no cuarto trimestre o concello de San Cibrao das Viñas completa os dez con maior saldo no lugar de Mos, mentras que no terceiro trimestre son os concellos costeiros de O Grove e Foz os que, xunto con Sanxenxo, completan os 10 concellos con maior saldo poboacional.

Pola contra, no 2022 os concellos con saldos poboacionais máis negativos son concellos na contorna das grandes cidades, tales como Ames, Oleiros, Teo, Narón, Cambre, Redondela, Ponteareas ou Barbadás. No terceiro trimestre de 2022 a intensidade do saldo negativo deses concellos redúcese con respecto aos outros trimestres.

Tamén resulta interesante que, mentres no primeiro, segundo e cuarto trimestres de 2022 a maioría de concellos teñen un saldo poboacional negativo (238, 221 e 212 concellos con saldo negativo nos correspondentes trimestres), no terceiro trimestre esta situación invértese, pasando a ter un saldo poboacional positivo (273 concellos con saldo positivo).

Este comportamento diferenciado no terceiro trimestre respecto ao resto do ano pódese observar en todo o período 2011-2022, consecuencia da tempada estival.

Saldo poboacional. Ano 2022
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo



Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

A descomposición do saldo poboacional nas súas compoñentes permite analizar as razóns polas que un concello soporta máis ou menos poboación da que indica a súa poboación residente, xa que representan os saldos poboacionais entre os non residentes presentes e os residentes ausentes por motivos de turismo, estancias en segundas vivendas, estudos, traballo e problemas de saúde.

Evolución da carga de poboación e as súas compoñentes. Galicia. Anos 2021, 2022 e avance de 2023.
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo

Medida	2021/I	2021/II	2021/III	2021/IV	2022/I	2022/II	2022/III	2022/IV	2023/I	2023/II
CARGA DE POBOACIÓN	2.706.981	2.711.104	2.810.927	2.710.845	2.705.348	2.718.590	2.827.508	2.733.021	2.718.409	2.734.958
Turismo	-3.115	1.094	21.203	779	-5.638	4.062	23.764	3.890	-2.900	11.933
Segundas vivendas	6.459	6.448	87.097	6.352	6.661	8.908	98.107	17.778	8.445	12.049
Estudos	103	97	1.057	3.119	3.302	2.201	1.240	3.298	3.502	2.287
Traballo	7.189	8.465	7.888	8.289	7.238	7.963	7.257	9.298	9.574	8.491
Saúde	150	152	194	165	135	158	189	158	150	154

Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

No ano 2022 as compoñentes cunha maior contribución ao saldo poboacional dos sete grandes concellos son as correspondentes aos desprazamentos por motivos de estudos e traballo, destacando a compoñente dos estudos en Santiago de Compostela no primeiro e no último trimestre, e a compoñente do traballo na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. No terceiro trimestre de 2022 destaca o aumento da compoñente das segundas vivendas nos sete grandes concellos, e o aumento da compoñente do turismo en Santiago de Compostela, o único dos sete grandes concellos coa compoñente de turismo positiva en todos os trimestres do ano 2022.

Carga de poboación e as súas compoñentes. Grandes concellos. Ano 2022
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo

Primeiro trimestre

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	244.801	-404	-2.186	4.024	6.256	885	8.575	253.376
Ferrol	64.218	-214	-279	1.129	788	267	1.691	65.909
Santiago de Compostela	98.140	1.159	-340	10.109	4.461	837	16.226	114.366
Lugo	97.308	-406	380	1.093	1.159	408	2.634	99.942
Ourense	103.799	-371	-750	1.874	927	513	2.193	105.992
Pontevedra	82.679	-457	-369	1.361	1.065	449	2.049	84.728
Vigo	293.680	-732	-2.040	2.174	4.528	640	4.570	298.250

Segundo trimestre

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	245.529	960	-1.842	3.098	6.347	884	9.447	254.976
Ferrol	64.157	11	-194	940	778	273	1.808	65.965
Santiago de Compostela	98.305	3.987	-212	7.126	4.672	852	16.425	114.730
Lugo	97.560	-41	493	816	1.105	411	2.784	100.344
Ourense	103.910	-38	-593	1.497	1.006	534	2.406	106.316
Pontevedra	82.654	-82	-279	1.086	1.058	447	2.230	84.884
Vigo	294.031	564	-1.710	1.735	4.562	645	5.796	299.827

Terceiro trimestre

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	246.258	-753	1.672	1.334	5.813	777	8.843	255.101
Ferrol	64.096	-471	1.506	355	660	239	2.289	66.385
Santiago de Compostela	98.469	5.113	2.618	3.428	4.362	745	16.266	114.735
Lugo	97.811	-872	5.140	416	1.060	360	6.104	103.915
Ourense	104.021	-1.183	1.784	633	846	455	2.535	106.556
Pontevedra	82.629	-693	1.301	429	1.024	396	2.457	85.086
Vigo	294.383	-1.413	1.828	729	4.073	571	5.788	300.171

Cuarto trimestre

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación
Coruña, A	246.986	863	-1.133	4.087	6.435	754	11.006	257.992
Ferrol	64.035	-175	35	1.181	753	254	2.048	66.083
Santiago de Compostela	98.634	3.226	151	9.640	4.667	781	18.465	117.099
Lugo	98.063	-68	951	1.259	1.112	377	3.631	101.694
Ourense	104.132	-132	-221	2.008	922	451	3.028	107.160
Pontevedra	82.604	-147	-50	1.362	1.186	418	2.769	85.373
Vigo	294.734	683	-1.020	2.369	4.518	618	7.168	301.902

Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

Na táboa apréciase, como en anos anteriores, que Santiago de Compostela pasa de ser o cuarto concello con máis poboación residente ao terceiro concello cunha maior carga de poboación, xa que presenta un saldo poboacional superior ao do resto de grandes concellos en todos os trimestres. De feito, en todo o período 2011-2022, Santiago de Compostela está sometido a unha maior carga de poboación que Ourense, a pesar de ter menos poboación residente.

A taxa de carga poboacional dun concello defínese como a porcentaxe de carga de poboación sobre a poboación residente. Así pois, será superior ou inferior ao 100 % segundo o concello soporte máis ou menos poboación da que indica a súa poboación residente; a súa desviación respecto ao 100 % mide a porcentaxe de poboación que soporta de máis ou de menos un concello respecto a súa poboación residente.

Excepto no terceiro trimestre, os concellos con maiores taxas de carga poboacional en 2022 son Carballeda de Valdeorras, debido á entrada de traballadores, e Mondariz-Balneario, debido á entrada de turistas. Non obstante, no terceiro trimestre de 2022 os concellos con maiores taxas de carga poboacional son Sanxenxo, Barreiros e Mondariz-Balneario, que reciben fundamentalmente a entrada de non residentes por motivos de turismo ou estancias en segunda vivendas. Cabe destacar a taxa de carga poboacional do concello de Sanxenxo no terceiro trimestre de 2022, que cun 166,99 % denota que durante o verán está sometido a un 67 % máis de poboación da que indica a súa poboación residente.

Pola contra, salvo no terceiro trimestre de 2022, o concello cunha menor taxa de carga poboacional é Barbadás, arredor do 92 %, debido especialmente á saída de traballadores residentes con destino aos concellos limítrofes de Ourense ou San Cibrao das Viñas. No terceiro trimestre de 2022 o concello con menor taxa de carga poboacional é Ames, cun valor moi semellante ao de Barbadás e cunha mesma tipoloxía de concello en canto á mobilidade.

Concellos coas maiores taxas de carga poboacional. Ano 2022
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo, porcentaxes (%)

Primeiro trimestre

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Carballeda de Valdeorras	1.430	586	2.016	140,98
Mondariz-Balneario	687	214	901	131,15
Rábade	1.498	251	1.749	116,76
Santiago de Compostela	98.140	16.226	114.366	116,53
Bergondo	6.892	849	7.741	112,32

Segundo trimestre

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Mondariz-Balneario	694	348	1.042	150,14
Carballeda de Valdeorras	1.422	625	2.047	143,95
San Cibrao das Viñas	5.611	1.092	6.703	119,46
Portomarín	1.365	239	1.604	117,51
Santiago de Compostela	98.305	16.425	114.730	116,71

Terceiro trimestre

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Sanxenxo	17.805	11.928	29.733	166,99
Barreiros	3.024	1.895	4.919	162,67
Mondariz-Balneario	701	433	1.134	161,77
Carballeda de Valdeorras	1.415	561	1.976	139,65
Parada de Sil	522	205	727	139,27

Cuarto trimestre

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga poboacional
Mondariz-Balneario	708	341	1.049	148,16
Carballeda de Valdeorras	1.407	526	1.933	137,38
San Cibrao das Viñas	5.676	1.068	6.744	118,82
Santiago de Compostela	98.634	18.465	117.099	118,72
Rábade	1.497	237	1.734	115,83


Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

Carga de poboación que pernoita e carga de poboación diúrna


Tamén resulta interesante coñecer a media trimestral de persoas equivalentes a tempo completo que soporta un concello durante a noite (carga de poboación que pernoita) e durante o día (carga de poboación diúrna), xa que poden existir diferenzas importantes entre noite e día.

Neste sentido, destaca o diferente comportamento entre noite e día que amosa o concello de Vigo, xa que nos dous primeiros trimestres do ano 2022, presenta un saldo poboacional nocturno baixo, e incluso negativo no primeiro trimestre do ano 2022 (poboación de entrada menor que a poboación de saída), e notablemente elevado polo día. Este mesmo comportamento repítese no avance de 2023, pero sen acadar taxas negativas no saldo poboacional.

Saldo poboacional nocturno e os seus fluxos de entrada e saída. Concello de Vigo. Ano 2022 e avance 2023.
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo



Saldo poboacional diúrno e os seus fluxos de entrada. e saída. Concello de Vigo. Ano 2022 e avance 2023.
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo



Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa para a noite e o día)

Carga de poboación que pernoita

Excepto no terceiro trimestre de 2022, o concello que amosa un maior saldo poboacional que pernoita é Santiago de Compostela, seguido dos concellos da Coruña, Lugo ou Sanxenxo. No primeiro e cuarto trimestre a diferencia entre o saldo de Santiago e do resto increméntase, sendo o motivo fundamental deste elevado saldo poboacional que pernoita a entrada de estudantes universitarios que durante o curso académico pernoitan en Santiago de Compostela. No terceiro trimestre de 2022 o concello que máis poboación gaña pola noite é Sanxenxo, sobre todo como consecuencia das pernoitas en segundas vivendas e establecementos turísticos.

En canto aos concellos que máis poboación perden pola noite, en 2022 a lista está encabezada por Vigo no primeiro trimestre e Ames nos tres seguintes trimestres.

Concellos con maiores saldos poboacionais (noite). Ano 2022
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo

Primeiro trimestre

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación
Santiago de Compostela	98.140	9.228	107.368
Lugo	97.308	1.405	98.713
Coruña, A	244.801	1.233	246.034
Sanxenxo	17.763	697	18.460
Carballeda de Valdeorras	1.430	384	1.814

Segundo trimestre

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación
Santiago de Compostela	98.305	9.638	107.943
Sanxenxo	17.784	3.018	20.802
Coruña, A	245.529	2.197	247.726
Lugo	97.560	1.644	99.204
Grove, O	10.892	985	11.877

Terceiro trimestre

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación
Sanxenxo	17.805	11.984	29.789
Santiago de Compostela	98.469	11.459	109.928
Lugo	97.811	5.238	103.049
Grove, O	10.888	3.814	14.702
Coruña, A	246.258	3.400	249.658


Cuarto trimestre

Espazo	Residentes	Saldo poboacional	Carga de poboación
Santiago de Compostela	98.634	11.472	110.106
Coruña, A	246.986	3.411	250.397
Lugo	98.063	2.339	100.402
Sanxenxo	17.826	1.997	19.823
Vigo	294.734	1.675	296.409

Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

Na táboa tamén cabe destacar que en 2022 a ganancia de poboación que experimenta pola noite o concello de Santiago de Compostela é maior no terceiro e cuarto trimestre. Estes dous trimestres de 2022 iguálanse dado que a entrada de persoas que pernoitan en Santiago de Compostela por motivos de turismo e segundas vivendas compensa, no terceiro trimestre, o saldo por estudos universitarios que é superior no último trimestre. No avance do 2023 apréciase unha subida nos dous trimestres avaliados.

Saldo poboacional e as súas compoñentes (noite).
Concello de Santiago de Compostela. Ano 2022 e avance 2023.
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo




Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

A maioría de concellos presentan a súa maior ou menor taxa de carga poboacional que pernoita no terceiro trimestre de cada ano, xa que as pernoitas en establecementos turísticos e segundas vivendas teñen lugar especialmente durante o verán. Para coñecer o impacto en termos relativos destas pernoitas, resulta interesante avaliar a contribución das compoñentes do turismo e segundas vivendas á taxa de carga poboacional que pernoita no terceiro trimestre.

En termos relativos, no terceiro trimestre de 2022 os concellos onde máis aumenta a poboación que pernoita debido ás pernoitas en establecementos turísticos son Sanxenxo e Mondariz-Balneario con incrementos poboacionais superiores ao 45 %. Aínda que en menor medida, o impacto do turismo tamén é importante nos concellos de Portomarín, Parada de Sil, O Grove, Barreiros e A Teixeira, con porcentaxes superiores ao 15 %.

Pola contra, no terceiro trimestre de 2022, ningún concello sofre como resultado da compoñente do turismo unha diminución porcentual superior ao 2 % na súa poboación que pernoita.

Variación poboacional debida á compoñente do turismo (noite). Terceiro trimestre de 2022
Unidade: porcentaxes (%)




Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

En canto á compoñente das segundas vivendas, no terceiro trimestre de 2022 os concellos onde máis aumenta en termos relativos a poboación que pernoita debido ás pernoitas en segundas vivendas son Barreiros, Foz, A Teixeira, Sanxenxo, Castro Caldelas e O Bolo, con incrementos poboacionais superiores ao 15 %. Tamén cabe resaltar que a maioría de concellos cun incremento porcentual superior ao 10 % pertencen á provincia de Ourense (o 66,5 %).

No terceiro trimestre de 2022 ningún concello presenta unha diminución porcentual na súa poboación que pernoita que se poida atribuír ao impacto das pernoitas en segundas vivendas.

Variación poboacional debida á compoñente das segundas vivendas (noite). Terceiro trimestre de 2022
Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

Carga de poboación diúrna

Nos catro trimestres de 2022 as sete grandes cidades están entre os concellos cun maior saldo poboacional diúrno. Pola contra, os catro concellos que máis poboación perden polo día no ano 2022 son Ames, Oleiros, Cambre e Teo. As razóns fundamentais polas que estes concellos perden poboación polo día son os desprazamentos por motivos de traballo.

Así mesmo, cabe destacar que en 2022 o concello de Ames non só experimenta unha perda importante de poboación diúrna en termos absolutos, senón tamén en termos relativos, xa que a súa taxa de carga poboacional diúrna rolda o 93 %. É dicir, Ames polo día soporta aproximadamente un 7 % menos de poboación do que indica a súa poboación residente.

Concellos con menores saldos poboacionais (día). Ano 2022
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo, porcentaxes (%)

Primeiro trimestre

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga
Ames	32.144	-166	-267	-991	-1.584	-69	-3.077	29.067	90,43
Oleiros	37.343	-27	-158	-736	-1.201	-93	-2.215	35.128	94,07
Teo	19.009	-112	-138	-556	-981	-49	-1.836	17.173	90,34
Cambre	24.703	-130	-84	-613	-759	-66	-1.652	23.051	93,31
Narón	38.965	-25	-23	-928	-255	-113	-1.344	37.621	96,55

Segundo trimestre

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga
Ames	32.239	-414	-223	-843	-1.578	-71	-3.129	29.110	90,29
Oleiros	37.482	-211	-122	-593	-1.178	-95	-2.199	35.283	94,13
Teo	19.036	-81	-118	-474	-1.029	-48	-1.750	17.286	90,81
Cambre	24.717	-329	-63	-517	-725	-62	-1.696	23.021	93,14
Narón	38.995	-253	10	-833	-442	-114	-1.632	37.363	95,81

Terceiro trimestre

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga
Ames	32.335	-485	252	-273	-1.502	-53	-2.061	30.274	93,63
Cambre	24.730	-397	302	-165	-701	-54	-1.015	23.715	95,90
Teo	19.063	113	25	-159	-912	-47	-980	18.083	94,86
Oleiros	37.622	73	501	-218	-1.079	-78	-801	36.821	97,87
Barbadás	11.101	-88	210	-133	-621	-30	-662	10.439	94,04


Cuarto trimestre

Espazo	Residentes	Turismo	Segundas vivendas	Estudos	Traballo	Saúde	Saldo poboacional	Carga de poboación	Taxa de carga
Ames	32.430	-286	-132	-929	-1.565	-60	-2.972	29.458	90,84
Oleiros	37.761	-157	-29	-693	-1.151	-81	-2.111	35.650	94,41
Cambre	24.744	-228	-11	-542	-814	-53	-1.648	23.096	93,34
Teo	19.090	76	-82	-542	-981	-43	-1.572	17.518	91,77
Narón	39.055	-117	112	-854	-313	-98	-1.270	37.785	96,75

Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

En 2022 a compoñente dos estudos afecta sobre todo ao saldo poboacional diúrno dos sete grandes concellos, especialmente a Santiago de Compostela. Este aumento de poboación apréciase notablemente no primeiro e cuarto trimestre que son os que teñen maior carga lectiva.

Variación poboacional debida á compoñente dos estudos (día). Grandes concellos. Ano 2022.
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo




Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

Os concellos onde máis aumenta a poboación diúrna en 2022 como consecuencia dos desprazamentos por motivos de traballo son as sete grandes cidades, sobre todo na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, xunto cos concellos do Porriño, San Cibrao das Viñas, Bergondo, Arteixo, Mos, Carballeda de Valdeorras e Padrón, onde existen importantes polígonos industriais.

Pola contra, en 2022 os concellos que máis poboación perden polo día debido á compoñente do traballo son Ames, Oleiros, Cambre, Teo, Cangas, Ponteareas, Barbadás, Moaña, Poio e A Laracha. Nótese que se trata de concellos na contorna daqueles onde máis aumenta a poboación diúrna debido á compoñente do traballo.

Tamén cabe resaltar que a compoñente do traballo non acusa a marcada estacionalidade que si teñen as compoñentes do turismo, segundas vivendas e estudos.

Variación poboacional debida á compoñente do traballo (día). Ano 2022
Unidade: persoas equivalentes a tempo completo



Fonte: IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia (descarga da táboa)

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Carga de poboación e os seus fluxos de entrada e saída
- Carga de poboación e as súas compoñentes
- Carga de poboación que pernoita e os seus fluxos de entrada e saída

- Carga de poboación que pernoita e as súas compoñentes
- Carga de poboación diúrna e os seus fluxos de entrada e saída
- Carga de poboación diúrna e as súas compoñentes

Fontes de información

IGE. Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia.